



## PRESENTACIÓN SOLICITUDES OFERTA EMPREGO (ESTABILIZACIÓN DISPOSICIÓN ADICIONAL 6ª)

APERTURA DO PRAZO DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS:

**DO 22.11.2022 AO 1.12.2022.**

Os documentos que se presentan coa solicitude deben ser orixinais (sinatura dixital con código de verificación) ou copia válida auténtica realizada nun rexistro oficial. Os documentos que se incorporen electronicamente sen estes requisitos non serán válidos.

<b>REQUISITOS PARA PARTICIPAR QUE DEBERÁN PRESENTARSE COA SOLICITUDE:</b>		
<b>TITULO</b> esixido na Base específica 5.1 Obrigatorio.	Se os documentos non teñen sinatura dixital con código de verificación, deberán acudir ao rexistro para realizar copia auténtica.	
<b>DNI</b>		
<b>OUTROS REQUISITOS</b> (Exemplo: carné de conducir) Obrigatorio cando o esixa a base específica 5.3.		
<b>NIVEL GALEGO</b> esixido na base específica 5.2 Obrigatorio para exención da proba de galego.		
<b>TAXA</b> <b>15 euros.</b>  <b>3,75 euros</b> no suposto de estar desempregados e sen dereito a prestación	ABOAR A TAXA na TESOURARÍA DA DEPUTACIÓN DE LUGO OU MEDIANTE TRANSFERENCIA BANCARIA AO NÚMERO DE CONTA ES04-2080-0163-8531-1000-0423 ABANCA, indicando con claridade o procedemento selectivo ao que quere presentarse e nome do aspirante  Presentar resguardo do pago e, no suposto de pagar 3,75, terán que presentar Certificación do SEPE que acredite a condición de persoa desempregada e certificación de non percibir prestación de desemprego na súa modalidade contributiva.	
<b>COTA CAPACIDADES DIFERENTES</b>	Presentar a certificación de discapacidade igual ou superior ao 33%	
<b>SOLICITUDE DE ADAPTACIÓN DE GALEGO DE PROBA</b>	Ademais do indicado no apartado anterior certificado de medidas de adaptación para realizar a proba de galego expedido polo equipo de valoración de discapacidade que corresponda.	
<b>ACREDITACIÓN DE MÉRITOS (Deberán incorporarse á solicitude os documentos que acrediten os méritos relacionados na solicitude- os non relacionados non serán tidos en conta polo Tribunal)</b>		
<b>EXPERIENCIA</b> (Base Xeral 10.2 A)3.	Informe de vida laboral- en todos os casos.  A experiencia en Administracións Públicas, NA MESMA PRAZA /POSTO/ EMPREGO	Presentar contrato/certificación de cada período (Ver bases) Débese acudir ao rexistro para autenticar os documentos.



<b>FORMACIÓN</b> (Base Xeral 10.2 B)3.	ACCIÓNS FORMATIVAS RELACIONADAS COAS FUNCIÓNS DO POSTO DE TRABALLO- ÚLTIMOS 15 ANOS a contar dende o día de remate de presentación de solicitudes	Se non teñen sinatura electrónica con código de verificación, debe acudirse ao rexistro para autenticalos.
--	---	--

## LUGAR E FORMA DE PRESENTACIÓN:

### FORMA:

- PRESENTARASE UNHA SOLICITUDE PARA CADA PROCESO SELECTIVO NO QUE SE DESEXE PARTICIPAR.
- NO SUPOSTO DE PRESENTARSE A MÁIS DUN PROCESO SELECTIVO DE ESTABILIZACIÓN (DISPOSICIÓN ADICIONAL 6ª DA LEI 20/2021), poderá incorporar a documentación das acreditacións de méritos nunha delas facéndoo constar na solicitude.
- Os requisitos de participación deberán presentarse individualmente en cada solicitude.
- SÓ SE PODERÁ PARTICIPAR NUNHA DAS COTAS (OU XERAL OU PERSOAS CON CAPACIDADES DIFERENTES)

### LUGAR:

- **PRESENTACIÓN TELEMÁTICA** (Se as persoas aspirantes contan con certificado dixital e teñen os documentos orixinais ou validados)-

Entrar na páxina da Deputación- Sede electrónica- Recursos Humanos- Oferta de emprego- Modelo MO4- cubrir os datos, rexistrar e presentar.

- **PRESENTACIÓN NO REXISTRO DA ENTIDADE:** Acudir coa solicitude cuberta Modelo MO4 (Formato editable na páxina web da Entidade, tema RECURSOS HUMANOS- OFERTA EMPREGO- ESTABILIZACIÓN DA6ª, o resgardo da taxa e os documentos que queira incorporar orixinais para realizar as copias auténticas.

- **NOS DEMAIS LUGARES SINALADOS NO ART 16.4 DA LPACAP** Recordar que os documentos que non sexan orixinais e non estean validados por un rexistro oficial non serán tidos en conta.